A GUERRA DE TROIA

Pablo Barriuso Veleiro

A obra de teatro comeza en Troia, onde un troiano que vivía na montaña atopou unha mazá de ouro e decidiu darlla a unha deusa, a quen lla dera sería a súa esposa. Foron moitas deusas e ofrecéronlle moitas cousas diferentes. Estivo un bo rato escoitándoas ata que unha lle ofreceu a Helena, princesa de Grecia. A ela deulle a mazá. Ao día seguinte raptou a Helena.

Cando o rei de Grecia se decatou de que a raptaran declarou a guerra a Troia. Despois de dez anos de intensas guerras e moitas mortes dos dous bandos, os gregos fixeron un cabalo xigante e oco feito de madeira. Deixárono ás portas da muralla que defendía Troia. Cando o rei de Troia o viu, mandou aos seus homes que o meteran dentro da cidade. Ao anoitecer, do cabalo saíron os mellores homes do exército de Grecia. Queimaron toda a cidade. Ninguén llo puido impedir porque estaban todos durmindo. E ao final os gregos conseguiron levar á princesa de volta a Grecia.

EL MUNDO DE LA ENERGÍA

FUNDACIÓN REPSOL. PARQUE DA ALAMEDA

3ºC

"El mundo de la energía ¿Sabías que...?
É unha campaña de sensibilización educativa dirixida principalmente ao alumnado de Primaria e ESO.
Nesta campaña da Fundación Repsol desenvólvense actividades interactivas pedagóxicas conducidas por educadores. Entre os seus obxectivos destacamos:

- A importacia da enerxía na nosa vida.
- O reto de atender a necesidade de enerxía de xeito sostible.
- As últimas novidades na investigación e innovación da industria enerxética.

Carolina Silva Rey



O día 13 de Decembro a mestra Gloria falounos dos tipos de enerxías: renovables e non renovables.As renovables son as que non se esgotan, como a solar, a hidráulica, a eólica,...As non renovables coma o carbón ou o petróleo poden chegar a esgotarse.
Tamén nos dixo que a enerxía era a capacidade que tiña un corpo ou materia para producir traballo.
Despois levounos a un camión que estaba na alameda onde un monitor volveunos a dicir que a enerxía era traballo. E que había enerxías primarias que viñan da natureza coma o carbón, o petróleo ou o gas natural.
Despois explicounos como se obtén o petróleo e tódolos procesos para obter as gasolinas e os distintos gasóleos.
Así descubrimos que o petróleo sácase do subsolo e transpórtase nuns petroleiros ata as refinerías.Alí vaise extraendo a gasolina, gasóleo, queroseno e demais derivados, para o que empregan un 95% do petróleo. O outro 5% úsase para crear plásticos cos que se fabrican multitude de obxectos que nos rodean como móbiles, ordenadores,...
O 95% das cousas que utilizamos habitualmente(caldeiros, pelotas, barreños,...) e incluso moita da nosa roupa está feita con derivados de petróleo.
Tamén nos dixo que gastabamos cada 15 segundos o equivalente a unha piscina olímpica de petróleo, polo que temos que facer un uso responsable do mesmo, usando otransporte público en vez do noso coche, poñendo a calefacción a unha temperatura axeitada, reciclando todo o que poidamos, porque o petróleo, a parte de contaminar o medio ambiente, pode chegar a esgotarse.